







Canto do meu compañeiro

A Morgan. Compañeiro.

Música: Paulo Nogueira/Tradicional

Letra: Tradicional/Paulo Nogueira



*Anque me vou non me vou-e
anque me vou non me ausento
anque me vou de palabra
non me vou de pensamento.*

*Voume por aquí abaixo
voume por aquí arriba
fiando na miña roca
gobernando a miña vida.*

*Cando marchou meu amor-e
dixome que non chorase
que botase ao aires as penas
pero que non o olvidase.*

*Dende a Algalia de abaixo
ata a rúa de San Pedro
cantos resoan na pedra
cantos do meu compañeiro.*